

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11690** Orde PRE/2056/2013, do 7 de novembro, pola que se modifica o anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro.

O Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 1999, sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros da Unión Europea relativas á clasificación, ao envasado e á etiquetaxe de preparados perigosos.

No anexo VI do dito real decreto, que coincide co do mesmo número da directiva, figura unha lista de Estados membros. A Orde PRE/3/2006, do 12 de xaneiro, pola que se modifica o anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, modificou a dita lista con motivo da incorporación á Unión Europea de dez novos Estados membros. Posteriormente, a Orde PRE/1648/2007, do 7 de xuño, pola que se modifica o anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, modificou de novo a lista con motivo da incorporación á Unión Europea de dous novos Estados membros.

Recentemente, e conforme o disposto na Acta de adhesión de Croacia á Unión Europea, modificouse novamente a dita lista para incluír nela este novo Estado membro, o que se leva a cabo mediante o disposto no número 2 do anexo da Directiva 2013/21/UE do Consello, do 13 de maio de 2013, pola que se adaptan a Directiva 67/548/CEE do Consello e a Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no ámbito do ambiente, con motivo da adhesión da República de Croacia.

En consecuencia, faise preciso substituír a lista de Estados que figura no anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, pola lista do anexo desta orde.

Na elaboración desta disposición foron oídos os sectores afectados.

Esta orde, que se dita en uso das facultades atribuídas pola disposición derradeira segunda do Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, incorpora parcialmente ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2013/21/CE do Consello, do 13 de maio de 2013, en concreto, aquelas das súas disposicións que afectan a Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 1999.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro.*

No punto 5 da parte A do anexo VI do Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, substitúese a lista de Estados que figura nel pola recollida no anexo desta orde.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español o número 2 do anexo da Directiva 2013/21/CE do Consello, do 13 de maio de 2013, pola que se adaptan a

Directiva 67/548/CEE do Consello e a Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no ámbito do ambiente, con motivo da adhesión da República de Croacia.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de novembro de 2013.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.

## ANEXO

Bélxica  
Bulgaria  
República Checa  
Dinamarca  
Alemaña  
Estonia  
Irlanda  
Grecia  
España  
Francia  
Croacia  
Italia  
Chipre  
Letonia  
Lituania  
Luxemburgo  
Hungría  
Malta  
Países Baixos  
Austria  
Polonia  
Portugal  
Romanía  
Eslovenia  
Eslovaquia  
Finlandia  
Suecia  
Reino Unido